


Descrición do percorrido

O percorrido proposto arranca na aldea de Ponte Soldón, lugar onde desemboca o río Soldón no Sil. Na ruta de hoxe non atravesaremos nada de asfalto nin núcleos urbanos, é unha ruta que vai case sempre a media ladeira das montañas que pechan o río Soldón polas súas dúas marxes. Tras atravesar a vila de Soldón de Sequeiros, cruzamos o Soldón e imos uns 500 m á súa beira. Despois o camiño vaixe separando do río a medida que vai ascendendo pola ladeira do monte entre piñeirais, algunha que outra sobreira e varias aciñeiras, nesta parte da ruta atopamos bosque mediterráneo ata chegarmos ata o lugar de “Pena Furada”, túnel excavado polos romanos para conducir auga a varias minas auríferas, temos que abandonar o camiño uns 100 m en dirección ó río, por unha senda ben marcada para facer a visita a esta pena. Pronto nos decataremos de que este camiño é algo mais que unha vía de comunicación abandonada moi panorámica. O percorrido percibimos que constitúe un elemento etnográfico en sí mesmo. Situado nun terreo de pronunciada pendente, nalgúns tramos o camiño está picado directamente na rocha natural, a lousa, acadando ás veces unha altura superior ós 2.5 m polo lado do monte. Pola contra, cara a caída do val cando a morfoloxía do terreo o esixe, aséntase sobre un muro de laxes de lousa horizontais, sacadas da construción doutros tramos do propio camiño. En algúns tramos rochosos pódense ver esculpidas no chan as rodadas dos típicos carros de bois do país, como proba dun continuado uso desta vía no tempo, probablemente para o transporte do ferro producido na Ferrería de Rugando e da cal cocida nos fornos da zona (de aquí o nome de “ferradal ou da caleira”). Ademais tamén pasaremos por un treito rodeado de sequeiros e albarizas. Dende o camiño, que agora discorre mais ou menos chan con suaves pendentes, pola media ladeira, teremos unhas fermosas vistas panorámicas do val do río Soldón, alá abaixo, e das montañas da outra beira, destacando a silueta da Rocaboa que teremos como referencia en gran parte do percorrido. Seguindo baixaremos paseniño ata cruzar o río Soldón pola fermosa “ Ponte do Frade”, ascendemos suavemente e continuamos a media altura polo val ata iniciar un suave descenso para chegar a outra ponte de madeira pola que cruzamos o “Rego de Rocaboa”, que baixa bruscamente do Chan de Fiais en abruptas fervezas. O camiño continúa baixando de xeito doado ó primeiro e despois con mais pendente ata chegar ó rego de Cereixido ou regato do Barreiro, que tamén atravesamos por unha ponte de madeira. Todo este tramo, de gran beleza, permítenos disfrutar e decatarnos do valor paisaxístico deste percorrido. O camiño agora lévanos ata o cruce da “Ponte de Paradapiñol”. A partir de aquí é mais estreito. Primeiro atravesamos unha ladeira de bastante pendente de monte baixo para logo levarnos por un frondoso bosque, ás veces ó pe do río e poderemos ver a ponte caída que conducía a Paradapiñol, e outras a certa altura sobre él con tramos nos que veremos auténticas murallas naturais de pizarra. Despois atravesamos un pequeno souto e xa pronto chegamos á Ferrería de Rugando, hoxe transformada en casa de turismo rural e situada nunha fermosa paraxe. Aquí remata a ruta por hoxe coas cervexas de rigor nun marco de incomparable beleza.

Mapa de situación



Monitores:

Ana Casal . tf.: 666869374

B. de Baldo. tf.: 600775083

PROXIMAS ACTIVIDADES

- ✓ 20, 21 Y 22 -06-14 Picos de Europa (AS)
- ✓ 21-09-14 Ribeiras do río Loio (LU)
- ✓ 22-6-14 Día regional de senderismo Ruta navega (AS)
- ✓ 10, 11 Y 12 -10-14 Ribeira Sacra (OR)
- ✓ 1-9-10-14 Fraga do río Barragan (PO)
- ✓ 16-11-14. Val do Seo. Bierzo (LE)
- ✓ 14-12-14 Senda verde Ordenes-Cerceda (C)



SOCIEDADE DE MONTAÑA

ARTABROS

COÑECE E CAMIÑA



8 de junio de 2014

CAMINO DE FERRADAL O DA CALEIRA.
Quiroga (LUGO)



Teléfono: 981 213115
Correo: artabros@artabros.org

